



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA
DE XULLO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE

Secretaria D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día trinta de xullo de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (25/06/2025).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o ano 2026 (Expediente 2025/X006/000079)

De cara á elaboración do calendario laboral para o ano 2026, e de acordo co establecido nos artigos 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descanso, propónse ao pleno :

PRIMEIRO.- Designar como festas de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal para o ano 2026 :

Día do Patio: 21 de setembro

Santa Baia: 10 de decembro

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

O Sr. Pose, do BNG, di que como vén manifestando dende hai tempo non está de acordo con poñer festivo o día do Patio e propón ir rotando os dous festivos locais coas festas de cada parroquia, ou polo menos o día do Patio. Privilexiar unhas parroquias sobre outras, parécelle



cando menos pouco educado. Non hai ningunha motivación para que se insista en que unha festa, a cal veciños da parroquia non respectan, sexa festivo local.

A Presidencia manifesta que discrepa das consideracións do BNG. Recórdalle que o grupo de goberno non impón ningún festivo, só mantén os festivos que dende a democracia foron establecidos no concello.

O Sr. Pose, do BNG, pregunta se máis alá desa explicación, existe algunha explicación razoable.

A Presidencia responde que é tan respectable a postura do BNG como a do grupo de goberno, que por certo é compartida polo PSdeG-PSOE.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e tres votos en contra do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de declaración como festa de interese turístico de Galicia á Exaltación do viño da Ulla.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Visto o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 12/25, do 20 de xaneiro.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos para efectuar a declaración segundo o artigo 3 do citado decreto: antigüidade, singularidade, arraigamento, accións de promoción suficientes para a atracción de correntes turísticas, valor cultural e continuidade no tempo.

Vista a memoria explicativa realizada para a declaración da Festa do Viño da Ulla como festa de interese turístico de Galicia.

Visto que no artigo 11.c se establece que á solicitude debe achegarse o acordo de aprobación polo Pleno do concello onde se celebre a festa, onde conste expresamente a solicitude de declaración.

Proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar a declaración de festa de interese turístico de Galicia á Festa do Viño da Ulla.

SEGUNDO.- Dar traslado á Axencia de Turismo de Galicia do presente acordo, así como da restante documentación que consta no expediente, dando cumprimento ao establecido no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

O Sr. Pose, do BNG, pregunta se iso supón algunha mellora económica.

A Presidencia contesta que se é aprobada, si.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Sobre a que se abra o servizo de madrugadores a outros pais que non o utilizan durante o curso escolar, a Presidencia contesta que toman nota. O servizo está sendo usado por poucos pais.

2º.- Respecto a se o vehículo no que circula o concelleiro de obras dende hai uns días, é persoal ou pertence ao parque móbil municipal, a Presidencia contesta que pertence ao parque móbil municipal. Non é de uso exclusivo, nin ese nin ningún outro. De feito hai traballadores municipais que levan para o seu domicilio o vehículo que empregan para desenvolver o seu traballo. É unha cuestión de operatividade.

Neste caso concreto, repite que é un vehículo municipal que está a disposición de calquera dos técnicos e traballadores do concello, pero que obviamente quen máis o usa é o concelleiro de obras, que está disposto 24 horas ao día os 7 días da semana.

-- Ás preguntas formuladas por Dona Yolanda Vieiro, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a algunhas obras e modificación no patio da escola de San Xián, a Presidencia entende que é no parque infantil. Di que si se estiveron facendo arranxos. A nivel de xardinería estará disposto para o seu uso ao inicio do curso escolar.

2º.- Sobre que aproveitando o período non lectivo se lle dea unha volta a todas as escolas unitarias do concello, contesta que todos os anos as escolas unitarias presentan unha petición de obras pequenas a facer antes do inicio do curso e outras maiores ao longo do curso. Iso está en marcha.

3º.- Respecto a se a Deputación enviou algún texto para o día do orgullo e se vai poñer nas redes sociais municipais, contesta que foi compartido nas redes sociais do concello.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao patio da escola de San Xián, di que xa está contestado.

2º.- Sobre os sinais do concello, a Presidencia contesta que é unha cuestión económica. En canto se poida farase a substitución e mentres realizárase un mantemento das mesmas. Algunhas delas hai que cambialas xa e así o farán. Teñen solicitado un estudo e un orzamento para saber o custe real da actuación.

3º.- Respecto ás obras que ADIF está realizando en Socastro, a Presidencia di que xa hai tempo que se derrubara parte da cimbra afectando á pista que é de titularidade de ADIF e reclamóuselle no seu momento. Despois dos tempos de ADIF, que non son breves, por fin fan a reparación. Dende o concello indicáronlle a reparación doutra parte da cimbra, que non afecta á pista, pero que pode ter problemas no futuro. Se houberse que colocar máis elementos de seguridade, trasladaríanllo a ADIF.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Aclara que a expropiación feita en San Xián fíxose porque o colexio non tiña patio, senón non había motivo de expropiación, e como a fixo o concello, é lícito e case obrigado que teña uso veciñal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Vista a explicación sobre o vehículo municipal, vai solicitar que outros membros do grupo de goberno teñan tamén un vehículo á súa disposición.

A Presidencia contesta que lle sorprendería saber que probablemente Vedra sexa o concello que menos parque móbil ten. Pídelle que se nalgún momento ve un uso irregular dese vehículo, que llo faga saber.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG pregunta:

1º.- Pregunta se lle vai reclamar á empresa construtora do parque de San Xián polas modificacións que se fixeron debido á mala colocación de elementos.

2º.- Respecto á actuación feita en Socastro por ADIF, di que agora dá bastante medo pasar por alí. Pregunta se se pode facer algo para urbanizar esa zona.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.